



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas e tres minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D.<sup>a</sup> MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR  
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES  
D.<sup>a</sup> MÓNICA VARELA GERMADE

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D.<sup>a</sup> NIEVES LOURO LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro do grupo político de UxC, D. Juan González Leirós, e a Sra. concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas.

Asiste á sesión a interventora interina, D.<sup>a</sup> Laura García Santiago (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa nesta acta), e dá fe do acto a secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de novembro de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202511271003440000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2025**

**Acceso á videoacta – 00:00:42 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2025, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen solicita que a aprobación da acta quede sobre a mesa porque di que as actas refírense a puntos concretos das videoactas e que agora mesmo é imposible acceder ás videoactas, polo que non poden comprobalas.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de deixar sobre a mesa o asunto, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

**Acceso á videoacta – 00:01:30 horas**

### **2.1. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS**

**Acceso á videoacta – 00:01:33 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2025 (CVD: nZ6Wr04ABZFSv6cwF27A), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 20 de novembro de 2025, que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 13 de maio de 2025, acordou, entre outros, nomear representante do concello nos consellos escolares á concelleira D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán como titular, e como suplente ao concelleiro don Omar Gonzalo Lamela Vázquez.



Visto que segundo o disposto no artigo 41 c) do Regulamento orgánico municipal corresponde ao Pleno o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Único.-** Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión de data 13 de maio de 2025 no relativo á designación de representantes do concello nos consellos escolares, e nomear representante do concello á Sra. alcaldesa, D.<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández, como titular, e como suplente ao concelleiro don Rubén Vázquez Pérez, nos consellos escolares que se relacionan a continuación:

- Escola de educación infantil de Pravio
- CEIP Graxal (Graxal – O Temple)
- CEIP Portofaro (O Temple)
- CEIP Emilio González López (Brexo)
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás)
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre)
- IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre)
- IES David Buján (Sigrás)”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá conta da proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Trece (13), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 20 de novembro de 2025 (CVD: nZ6Wr04ABZFSv6cwF27A), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA**

**Acceso á videoacta – 00:16:38 horas**

**A)** A Sra. Presidenta dá conta da proposta da Alcaldía de data 24 de novembro de 2025 (CVD: ITtZckvO96QUuK1DdTh9), relativa á modificación da data de celebración da sesión ordinaria do Pleno municipal do mes de decembro, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que debido ás datas nas que cae o pleno ordinario do mes de decembro, tráese a este pleno a proposta de modificación da data do día do pleno, que di que xa foi comentada polos grupos municipais na xunta de



voceiros do pasado venres, e que hai que traelo por urxencia porque hai que aprobalo neste pleno ao mes seguinte.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación, dáse conta da proposta que transcrita di:

#### «PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que segundo o disposto no acordo adoptado na sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 11 de xullo de 2023, relativo á celebración das sesións ordinarias do pleno, a sesión correspondente ao mes de decembro de 2025 debería celebrarse o venres día 26 de decembro, isto por ser o último xoves de mes día festivo.

Visto que na xunta de voceiros celebrada o día 21 de novembro de 2025 todos os asistentes amosaron a súa conformidade con modificar a data de celebración da dita sesión, e trasladala ao día 23 de decembro de 2025.

Por todo isto, **PROPONSE:**

**Único.-** Modificar a data de celebración da sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro de 2025, que se celebrará, co mesmo carácter de ordinaria, o día 23 de decembro de 2025, ás 11.00 horas.»

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 24 de novembro de 2025 (CVD: ITtZckvO96QUuK1DdTh9), que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **Acceso á videoacta – 00:18:46 horas**

**B)** A continuación, a Sra. Presidenta dá conta da moción do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de novembro de 2025 (CVD: lp/YGPDWE2yAkCoYq9HI), para aprobación de certificacións da obra “Reordenación da rúa María Mariño”, financiada polo Plan único de concellos (POS+ 2021), así como aprobación das facturas correspondentes, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que a urxencia desta moción vén dada porque hai que xustificar e presentar toda a documentación relativa a esta obra do POS+ 2021, en canto ás certificacións 4 e 5 da obra de “Reordenación da rúa María Mariño”, e que é necesario traela a pleno ao terminarse o prazo esta semana.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación, dáse conta da moción que transcrita di:

#### «MOCIÓN

**Asunto: Proposta de aprobación de certificacións da obra “Reordenación da Rúa María Mariño”, financiada polo Plan Único de Concellos (POS+2021), así como aprobación das facturas correspondentes. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.**

Visto que as seguintes facturas se corresponden con prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 56.208,43 euros:



NÚM DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA	NÚM. DOCUMENTO	DATA DTO.	IMPORTE	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
F/2024/1867	29/05/2024	24 000195	24/05/2024	36.096,91	B15360902	CANARGA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 4 REORDENACIÓN DE LA CALLE MARÍA MARIÑO POS+2021	2025 151 61900
F/2024/1868	29/05/2024	24 000196	24/05/2024	20.111,52	B15360902	CANARGA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 5 Y FINAL REORDENACIÓN DE LA CALLE MARÍA MARIÑO POS+2021	2025 151 61900
			<b>TOTAL</b>	<b>56.208,43 euros</b>				

Visto que constan no expediente 2021/C003/000005, pendentes de aprobación, a certificación de obra núm. 4 da obra "Reordenación da Rúa María Mariño", emitida con data 28.02.2023, por importe de 36.096,91 euros, asinada telemáticamente polo director de obra con data 31.01.2024 e polo representante do contratista, con data 08.02.2024, así como a certificación de obra num.5 Final, emitida con data 27.06.2024, por importe de 20.111,52 euros, e asinada telemáticamente polo director de obra con data 31.01.2024 e polo representante do contratista, con data 08.02.2024.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 27.11.2024, de aprobación de certificacións de obra e facturas correspondentes (CVD: wL5hEp2dU7it86MUKgCB) por importe total de 56.208,43 euros.

Visto o Informe de intervención con referencia OFP 2024 - OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN - 2023/G003/002037, e asunto "OMISION DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/ MARÍA MARIÑO" (EXPTE 2021/C003/000005)" emitido con data 27.11.2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 16.04.2025 (CVD: J66miornJKi2WB2NKzsc), co asunto "Informe técnico sobre a recepción da obra denominada "Reordenación da rúa María Mariño"."

Vista a Resolución de alcaldía núm. 364 de data 21.04.2025 (expediente tedec 2025/G003/000401), pola que se aproba:

**Primeiro:** Levantar os reparos emitidos pola Intervención Municipal no informe OMISIÓN DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/MARÍA MARIÑO" (EXPTE 2021/C003/000005), de data 27 de novembro de 2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

**Segundo:** Dispoñer que continúe o procedemento.

**Terceiro:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á interventora municipal, ao departamento de secretaría e á sección de servizos, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

Vistos o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 18.06.2025, (CVD: kgLBX2oDjL0tEQfwQUZr), no que se indica que "(...) Dacordo coa documentación entregada pola Dirección de Obra e a empresa Contratista, e xunto á documentación que xa constaba no expediente administrativo, entre ela, o informe realizado polo técnico que suscribe sobre a acta de recepción de obra e a fotografía do cartel de obra, considéranse completadas as observacións feitas polo informe de Intervención de data 27 de novembro de 2025 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs)"

Visto o informe da interventora municipal con referencia REPARO SUSPENSIVO - 2020/A008/000041-2021/C003/000005 - 2023/G003/002037- 2024/T003/001889 - 2024/T003/001890 - 2025/G003/000401 - 2025/G006/000231, co asunto "APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DA OBRA "REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO", FINANCIADA POLO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS+2021), E FACTURAS



**CORRESPONDENTES. FASE ADO/O**", de data 27.11.2025 (CVD: TVnMIKMO5hzCpAZTJ5BT), do seguinte tenor:

«(...)

**I.- ANTECEDENTES.**

Adxudicatario:	CANARGA, S.L. (B70394341)
Órgano resolutorio:	ALCALDE
Importe adxudicación:	122.300 euros (IVE incluído)
<b>Importe certificado anteriormente:</b>	<b>78.236,97 euros</b>
<b>Importe certificación núm. 4:</b>	<b>36.096,91 euros</b>
Data de expedición da certificación:	28/02/2023 (asinada dixitalmente o 31.01.2024 polo director externo da obra e o 08/02/2024 representante contratista)
Núm. de rexistro de factura:	F/2024/1867
Data de presentación no Rexistro da factura:	29/05/2024 (asinada dixitalmente 31/05/2024 polo concelleiro de Urbanismo, Obras e Servizos)
<b>Importe certificación núm. 5 Final:</b>	<b>20.111,52 euros</b>
Data de expedición da certificación:	27/06/2023 (asinada dixitalmente o 31.01.2024 polo director externo da obra e o 08/02/2024 representante contratista)
Núm. de rexistro de factura:	F/2024/1868
Data de presentación no Rexistro da factura:	29/05/2024 (asinada dixitalmente 31/05/2024 polo concelleiro de Urbanismo, Obras e Servizos)
Aplicación orzamentaria // Proxecto	151 61900 // Prox. 2021.2.151.2.1
<b>Procedemento de contratación</b>	Procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
<b>Ampliación de prazo</b>	Non

- Consta a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2025, para a aprobación das facturas correspondentes ás referidas certificacións de obra, unha vez aprobado o expediente de modificación de crédito, incorporación de crédito núm. 4/2025, por resolución de alcaldía núm. 1160/2025, de data 27.11.2025.

- Proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 27.11.2024, de aprobación de certificacións de obra e facturas correspondentes (CVD: wL5hEp2dU7it86MUKgCB) por importe total de 56.208,43 euros.

- Informe de intervención con referencia OFP 2024 - OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN - 2023/G003/002037, e asunto "OMISION DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/ MARÍA MARIÑO" (EXPT 2021/C003/000005)" emitido con data 27.11.2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

- Informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 16.04.2025 (CVD: J66miornJKi2WB2NKzsc), co asunto "Informe técnico sobre a recepción da obra denominada "Reordenación da rúa María Mariño"."

- Resolución de alcaldía núm. 364 de data 21.04.2025 (expediente tedec 2025/G003/000401), pola que se aproba:



**“Primeiro:** Levantar os reparos emitidos pola Intervención Municipal no informe OMISIÓN DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA “REORDENACIÓN DE LA C/MARÍA MARIÑO” (EXPT 2021/C003/000005), de data 27 de novembro de 2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

**Segundo: Dispoñer que continúe o procedemento.**

**Terceiro:** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, á interventora municipal, ao departamento de secretaría e á sección de servizos, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

- Informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 18.06.2025, (CVD: kgLBX2oDJL0tEQfwQUZr)

## **II.- NORMATIVA APLICABLE.**

A fiscalización é exercida de conformidade co establecido no RDL 2/2004, de 5 de marzo, e como normas supletorias:

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo de Consejo de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.

A normativa respecto á cal se fai a comprobación da adecuación dos asuntos fiscalizados é a seguinte:

- Constitución de 1978.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir factura que corresponde aos empresarios e profesionais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (coas modificacións sucesivas).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio.
- Contratos administrativos individuais.

## **III.- CONSIDERACIÓNS.**

**Primeiro:** De conformidade coa Base de Execución do orzamento 23ª, o recoñecemento das obrigas corresponderá ao Alcalde - Presidente ou órgano en quen delegue.

**Segundo:** As facturas, en xeral, foron conformadas ou informadas polo alcalde ou concelleiro delegado e o persoal responsable, entendéndose polo tanto que o gasto foi realizado conforme ás condicións pactadas (BEP 23ª).

**Terceiro:** Analízanse as fases de gasto conforme ao establecido nos artigos 21 e seguintes respecto á execución e liquidación do orzamento, propostas de gasto, contratos menores e gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo.

## **FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE**



### Con carácter xeral:

- Existencia e adecuación de crédito
- Gasto plurianual. Cumprimento dos requisitos do art. 174 do *TRLRFL*.
- Competencia do órgano resolutorio.
- Executividade dos recursos que financian a proposta.

### Fase O:

- Acta de comprobación do replanteo da obra (certificación núm.1) 31.10.2022
- Formalización del contrato en plazo. 01.09.2022
- Documento contable fase D
- Certificación de obra.
- Certificación de obra, autorizada polo facultativo director da obra.
  - Adxudicatario, importe de adxudicación, importe e porcentaxe de baixa e prazo de execución son os que constan no contrato administrativo.
- Son correctos os importes de obra executada e pendente de executar.
- Consta conformidade do contratista.
- Consta relación valorada datada e asinada polo Director da obra.
- Non se inclúe revisión de prezos.
- Aplícase correctamente a porcentaxe de gastos xerais, beneficio industrial e IVE.
- A relación valorada axústase a unidades e prezos do proxecto.
- Factura conforme ao R.D. 1619/2012, de 30 de novembro; coincidencia dos importes coa relación valorada.
- Plan de seguridade e saúde (aprobado) pola Xunta de Goberno local con data 13.09.2022.
- O adxudicatario achega a documentación esixida polo PCA. **Non cumpre**
- Acta de recepción (última certificación) 28.03.2023. **Non consta a asistencia da Intervención municipal**

### RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Fiscalizado de disconformidade.

### CONSIDERACIONES:

**1.- En canto á emisión da certificación final de obra**, ha de estarse ao disposto no artigo 243.1 da LCSP, en canto establece que

*“1. A la recepción de las obras a su terminación y a los efectos establecidos en esta Ley, concurrirá un facultativo designado por la Administración representante de esta, el facultativo encargado de la dirección de las obras y el contratista asistido, si lo estima oportuno, de su facultativo.*

***Dentro del plazo de tres meses contados a partir de la recepción**, el órgano de contratación deberá aprobar la certificación final de las obras ejecutadas, **que será abonada al contratista a cuenta de la liquidación del contrato en el plazo previsto en esta Ley. (...).**”*

A certificación final ha de aprobarse no prazo de 3 meses dende a recepción da obra, e deberá conter os excesos de medición aos que se refire o artigo 242.4 da LCSP.

Han de considerarse exceso de medición, tal e como establece o artigo 242.4 da LCSP *“la **variación** que durante la correcta ejecución de la obra se produzca **exclusivamente en el número de unidades realmente ejecutadas sobre las previstas en las mediciones del proyecto, siempre que en global no representen un incremento del gasto superior al 10 por ciento del precio del contrato inicial**”*

Achégase con data 01.04.2024 e número de rexistro de entrada 20249990000641 polo director da obra, don Alvaro Vazquez Herrero, Informe do director da obra sobre a liquidación, sendo o incremento resultante de obra de 9,93% respecto do importe de adxudicación.

## **2.- MOTIVOS QUE XUSTIFICAN A EMISIÓN DO REPARO SUSPENSIVO**

**PRIMEIRO:** O período de execución da obra é de 3 meses, contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo (31.10.2022), sendo o reflectido nas certificacións presentadas o seguinte:

<b>CERTIFICACIÓN DE OBRA</b>	<b>PERIODO DE EXECUCIÓN</b>
CERTIFICACIÓN NÚM. 1	01/11/2022 a 30/11/2022
CERTIFICACIÓN NÚM. 2	01/12/2022 a 31/12/2022
CERTIFICACIÓN NÚM. 3	01/01/2023 a 31/01/2023
CERTIFICACIÓN NÚM.4	01/02/2023 a 28/02/2023
CERTIFICACIÓN NÚM. 5 E FINAL	<i>Durante o periodo de execución</i>

Por tanto, superase o prazo de execución da obra de 3 meses. Ao respecto, **con motivo da solicitude de ampliación do prazo de execución da obra “Reordenación da rúa María Mariño”, infórmase esta desfavorable pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria municipal de data 16.03.2023** (CVD: S+v+sxTkmpdraG83OWoC). No referido informe, se indica que «o prazo de execución desta obra é de tres meses, a contar dende o día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo (31.10.2022). Isto é, o prazo de execución desta obra rematou o 31.01.2023, polo que non cabe a ampliación dun prazo xa vencido (...)

*En definitiva, nos contratos administrativos o prazo de execución é un elemento esencial e ese carácter esencial determina que, vencido o prazo de duración dun contrato administrativo, non resulte xa posible acordar a súa prórroga nin a ampliación do prazo de execución.*

O Consello de Estado declarou en numerosas ocasións que o vencemento do prazo de duración dos contratos administrativos determina a súa extinción. Así, nos dictames números 349/2017, 350/2017 y 351/2017, de 14 de setembro de 2017, o Consello de Estado afirma o seguinte:

*«Este Cuerpo Consultivo ha dicho reiteradamente que los contratos administrativos son negocios jurídicos a plazo fijo y que la duración es uno de sus elementos esenciales. [...]*

*En el caso presente [...], el contrato quedó extinguido por el vencimiento de su plazo. Y debe concluirse también que la denegación de la solicitud de prórroga formulada por el contratista, cuando ya había transcurrido dicho plazo, [...] fue conforme a Derecho. En consecuencia, el contrato se extinguió ipso iure al vencer su duración, sin perjuicio de que subsistieran determinados efectos reflejos».*

*O contrario sería deixar ao arbitrio da Administración (a quen incumbe tramitar o expediente de resolución) a decisión de acordar incidencias sólo admisibles na fase de execución contractual, respecto de contratos xa extinguidos por ter expirado o seu prazo de vixencia.*

*En definitiva, presuposto previo para solicitar la ampliación del plazo é que este non expirara.”.*

Otro aspecto a ter en conta, no referido informe, e o indicado en canto á imposición de penalidades:

**“Segundo:** O incumprimento do prazo de execución por parte do contratista debén na imposición de penalidades, conforme ao establecido na cláusula 33 do PCAP:

**“33) PLAZO DE EJECUCIÓN DEL CONTRATO Y PENALIDADES ADMINISTRATIVAS**

*El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para su realización, así como, de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.*

*La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.*

*Cuando el contratista por causas imputables a éste, haya incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, la Administración podrá optar indistintamente por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros del precio del contrato.*



*La Administración tendrá esta facultad a que se refiere el apartado anterior respecto al incumplimiento por parte del contratista de los plazos parciales, o cuando la demora en el cumplimiento de aquellos haga presumir razonablemente la imposibilidad del cumplimiento del plazo total.*

*Cada vez, que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 por 100 del precio del contrato, el órgano de contratación estará facultado para proceder”*

**Conclúese polas técnicas informantes que:**

*«No suposto examinado, o prazo de execución xa está vencido polo que se informa desfavorablemente a súa ampliación, procedendo que polo órgano de contratación se opte indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do precio do contrato, nos termos establecidos na cláusula 33 do PCAP.»*

Non consta no expediente aprobación algunha polo órgano de contratación da ampliación do prazo de adjudicación.

**SEGUNDO:** A acta de recepción que consta no expediente 2021/C003/000005, figura asinada unicamente polo representante do contratista e o director externo da obra, non constando sinatura do interventor municipal nin de técnico municipal algún na súa representación, tal e como establecen as Bases de execución do orzamento municipal.

A Base Trixésimo Segunda das Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2022, así como as correspondentes nas de 2020 e 2021, conteñen a delegación xenérica da comprobación material do investimento, para obras que, sendo superiores a 50.000,00 euros (IVE excluído) non superen os 300.000,00 euros (IVE incluído), nos técnicos municipais:

*«2.1.1. **Comprobación Material do investimento.** Antes de liquidar o gasto ou recoñecer a obriga verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos e adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato. Para tal fin establécese o seguinte réxime de delegacións:*

*a) O interventor xeral asistirá, persoalmente ou a través de delegación expresa conferida para cada obra particular, á recepción das obras cuxa contía supere os 300.000,00 euros (IVE incluído).*

*Para tal fin debe producirse a correspondente comunicación cunha antelación mínima de 20 días hábiles respecto do proposto para a recepción das obras, co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo que se ha de realizar.*

*b) Para a recepción das obras que, sendo superiores a 50.000,00 euros (IVE excluído) non superen os 300.000,00 euros (IVE incluído), delégase de forma xenérica a representación da Intervención xeral nos técnicos adscritos aos Servizos Técnicos de Obras e de Arquitectura, segundo quen teña atribuída a dirección ou codirección da obra correspondente.*

*Porén, debe producirse a comunicación previa da data prevista para a recepción formal de tales obras coa antelación citada no apartado anterior, co obxecto de que se conte coa necesaria información e, en supostos excepcionais, sexa posible asistir á recepción das obras.*

*(...)*»

**Nesta obra, a dirección da obra foi externa e o seguemento da obra realizouse no departamento de Urbanismo.** Por acordo da Xunta de Goberno local adoptado en sesión ordinaria de 23.08.2022, designouse “...director de obra e responsable do contrato a don Álvaro Vázquez Herreo, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado número 12.885, que forma parte do equipo de traballo de CIMARQ, Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura S.L., adxudataria do servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras (TEDeC 2021/C004/000004), a quen, de conformidade co establecido no art. 62.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dítar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada”

**O funcionario que había de asistir á recepción por delegación da Intervención, debía ser un técnico adscrito a dita Área.**

De dita delegación debía quedar constancia na acta de recepción da obra. Sen embargo a acta de recepción que se achega, non inclúe a referencia á delegación da comprobación material do investimento, a cal é obrigatoria, tendo en conta o establecido na Disposición adicional 3ª.3 da LCSP e no artigo 20 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Este último establece:

« 1. Antes de liquidar el gasto o reconocer la obligación se verificará materialmente la efectiva realización de las obras, servicios o adquisiciones financiadas con fondos públicos y su adecuación al contenido del correspondiente contrato.

2. La intervención de la comprobación material se realizará por el órgano interventor. El órgano interventor podrá estar asesorado cuando sea necesaria la posesión de conocimientos técnicos para realizar la comprobación material.

**3. Los órganos gestores deberán solicitar al órgano interventor, o en quien delegue, su asistencia a la comprobación material de la inversión cuando el importe de ésta sea igual o superior a 50.000,00 euros, con exclusión del Impuesto sobre el Valor Añadido, y sin perjuicio de que las bases de ejecución del presupuesto fijen un importe inferior, con una antelación de veinte días a la fecha prevista para la recepción de la inversión de que se trate.**

**4. La intervención de la comprobación material de la inversión se realizará, en todo caso, concurriendo el órgano interventor, o en quien delegue, al acto de recepción de la obra, servicio o adquisición de que se trate.**

*Quando se aprecien circunstancias que lo aconsejen, el órgano interventor podrá acordar la realización de comprobaciones materiales de la inversión durante la ejecución de las obras, la prestación de servicios y fabricación de bienes adquiridos mediante contratos de suministros.*

**5. El resultado de la comprobación material de la inversión se reflejará en acta que será suscrita por todos los que concurran al acto de recepción de la obra, servicio, o adquisición y en la que se harán constar, en su caso, las deficiencias apreciadas, las medidas a adoptar para subsanarlas y los hechos y circunstancias relevantes del acto de recepción.**

*En dicha acta o en informe ampliatorio podrán los concurrentes, de forma individual o colectiva, expresar las opiniones que estimen pertinentes.*

(...)»

A Disposición Adicional 3ª.3 da LCSP, na redacción dada pola Disposición final 27.13 de la Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos xerais do estado para o exercicio 2023 establece:

«3. Los actos de fiscalización se ejercen por el órgano Interventor de la Entidad local. Esta fiscalización recaerá también sobre la valoración que se incorpore al expediente de contratación sobre las repercusiones de cada nuevo contrato, excepto los contratos menores, en el cumplimiento por la Entidad local de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera que exige el artículo 7.3 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. **El órgano interventor realizará la comprobación material de la inversión en el ejercicio de la función señalada en el artículo 214.2.d) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en los términos desarrollados en el artículo 20 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local. A efectos de la designación de representante en aquellas inversiones cuyo objeto sea susceptible de comprobación, el órgano interventor podrá aplicar técnicas de muestreo. Podrá estar asistido en la recepción por un técnico especializado en el objeto del contrato, que deberá ser diferente del director de obra y del responsable del contrato. Los servicios de**



*asistencia de las Diputaciones Provinciales asistirán a los pequeños Municipios a estos efectos y los demás previstos en la Ley.»*

Tendo en conta o exposto, emitíuse pola interventora municipal o informe de intervención de omisión de fiscalización con referencia OFP 2024-OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN - 2023/G003/002037, e asunto "OMISION DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/MARÍA MARIÑO" (EXPTE 2021/C003/000005)" emitido con data 27.11.2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

Por Resolución de alcaldía núm. 364/2025 de data 21.04.2025, se aproba o levantamento dos reparos formulados asi como se continúe o procedemento, co seguinte tenor:

***"Primeiro:*** Levantar os reparos emitidos pola Intervención Municipal no informe OMISIÓN DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/MARÍA MARIÑO" (EXPTE 2021/C003/000005), de data 27 de novembro de 2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs).

***Segundo: Dispoñer que continúe o procedemento.***

***Terceiro:*** Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TDeC, á interventora municipal, ao departamento de secretaría e á sección de servizos, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

Ao respecto ha de poñerse de manifesto que o referido informe da intervención municipal non ten a consideración de informe de fiscalización, sendo necesaria a realización da fiscalización posterior do expediente, a cal é obxecto do presente informe. Tendo en conta o cal **non procede o levantamento de reparos suspensivos** aprobados por resolución de alcaldía num. 364/2025, de data 21.04.2025, no seu apartado resolutivo primeiro ao non estar estes emitidos. **Si procede o acordado no segundo apartado "Dispoñer que continúe o procedemento."**, todo elo en aplicación do establecido no artigo 28 do Real decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local:

*"1. En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo.*

*2. Si el órgano interventor al conocer de un expediente observara omisión de la función interventora lo manifestará a la autoridad que hubiera iniciado aquel y emitirá al mismo tiempo su opinión respecto de la propuesta, a fin de que, uniendo este informe a las actuaciones, pueda el Presidente de la Entidad Local decidir si continua el procedimiento o no y demás actuaciones que en su caso, procedan.*

*En los casos de que la omisión de la fiscalización previa se refiera a las obligaciones o gastos cuya competencia sea de Pleno, el Presidente de la Entidad Local deberá someter a decisión del Pleno si continua el procedimiento y las demás actuaciones que, en su caso, procedan.*

*Este informe, que no tendrá naturaleza de fiscalización, se incluirá en la relación referida en los apartados 6 y 7 del artículo 15 de este Reglamento y pondrá de manifiesto, como mínimo, los siguientes extremos:*

*(...)*

*b) Exposición de los incumplimientos normativos que, a juicio del interventor informante, se produjeron en el momento en que se adoptó el acto con omisión de la preceptiva fiscalización o intervención previa, enunciando expresamente los preceptos legales infringidos*

*(...)"*

**TERCEIRO:** En canto ao cumprimento polo contratista das obrigas establecidas no PCA, establece a cláusula 31.4 Pagos, o seguinte:

**31.4.1.-** Los pagos se verificarán contra certificaciones mensuales acompañadas de relación valorada expedidas por la dirección facultativa de la obra y aprobadas por la Presidencia o órgano competente de la Corporación. Asimismo, **se aportarán las fotografías del cartel de obra a que se refiere la cláusula 19.2. y declaración responsable de que el contratista cumplió las condiciones establecidas en las cláusulas 23, 24, 27 y 35.**

Asimismo, el contratista deberá presentar factura por igual importe que el de la certificación.

A cláusula 19.2.- Fotografías, establece que

El adjudicatario **deberá acompañar la cada certificación de obra las siguientes fotografías por triplicado:**

- a) Del cartel de la obra.
- b) Del cartel de la obra y su entorno.

En ambos casos deberá llevar al dorso a firma del director de la obra y la fecha de su realización.

**En la fecha del acta de recepción** el adjudicatario deberá entregarle a la Administración en formato digital, acompaña de breve memoria explicativa firmada electrónicamente, el reportaje fotográfico o el vídeo relativo al desarrollo, ejecución y finalización de las obras en sus distintas fases. La citada documentación podrá utilizarla la Administración libremente y sin limitación temporal.

No informe de intervención de omisión de fiscalización con referencia OFP 2024-OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN - 2023/G003/002037, e asunto "OMISION DE LA COMPROBACIÓN MATERIAL DE LA INVERSIÓN EN LA OBRA "REORDENACIÓN DE LA C/ MARÍA MARIÑO" (EXPTE 2021/C003/000005)" emitido con data 27.11.2024 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs), indicábase ao respecto:

**"2.-** Ha de analizarse la adecuación a la legalidad de la propuesta de aprobación de certificaciones de obra núm. 4 y 5 Final, a efectos de que el Alcalde tenga elementos de juicio suficientes.

(...)

- No se acredita en el expediente la presentación por el contratista de los documentos que establece la cláusula 34.1 del PCA, necesarios para el pago, **fotografías del cartel de obra a que se refiere la cláusula 19.2. y declaración responsable de que el contratista cumplió las condiciones establecidas en las cláusulas 23, 24, 27 y 35**, por lo que el expediente sera objeto de reparo suspensivo al amparo del artículo 216.2 c) del TRLRHL.

- No se informa adecuadamente en el informe final de obra presentado con las firmas del contratista y el director externo de la obra sobre la naturaleza de las unidades incluidas en la Certificación num. 5 final que se numeran como 8.1.1, 8.1.2, 8.1.3, 8.1.4 y 8.1.5, por lo que el expediente será objeto de reparo suspensivo, al amparo del artículo 216.2 d) del TRLRHL."

Consta no expediente informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don Alberto Serrano Souto, de data 18.06.2025, (CVD: kgLbX2oDJL0tEQfwQUZr), do seguinte tenor:

*"Consta no expediente 2021/C003/000005 fotografía do cartel de obra, en documento firmado por técnico municipal, concretamente a anterior arquitecta técnica municipal, con data 18 de abril de 2023 (CVD: 8U1RjUsXbdGuzUXxR9fX).*

*Consta escrito presentado no Concello de Cambre, con data 17 de xuño de 2025, e rexistro de entrada 202599900003753, de Don Álvaro Vázquez Herrero, Director da Obra, no que se explica os traballos realizados para a reposición dos servizos afectados, acompañado de reportaxe fotográfico e cuantía de cada un dos traballos, no que a Dirección Facultativa asevera que se corresponden con prezos de mercado.*

*Consta escrito presentado no Concello de Cambre, con data 13 de xuño de 2025, e rexistro de entrada 202599900003649, de Don Marcos Antonio Vázquez Zas, en representación del grupo EVS Norte S.L., grupo do que forma parte a empresa contratista, no que adxunta a declaración responsable do cumprimento das cláusulas 23, 24, 27 e 35 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.*



*Dacordo coa documentación entregada pola Dirección de Obra e a empresa Contratista, e xunto á documentación que xa constaba no expediente administrativo, entre ela, o informe realizado polo técnico que suscribe sobre a acta de recepción de obra e a fotografía do cartel de obra, considéranse completadas as observacións feitas polo informe de Intervención de data 27 de novembro de 2025 (CVD: Gblja9n0H4C+wUCMaOqs)”*

**Ao respecto** ha de terse en conta que o establecido en canto á “*aportarán las fotografías del cartel de obra a que se refiere la cláusula 19.2. y declaración responsable de que el contratista cumplió las condiciones establecidas en las cláusulas 23, 24, 27 y 35*”, refírese á presentación de cada unha das certificacións de obra, polo que **a documentación que se presenta para os efectos de subsanación, a requirimento do enxeñeiro técnico de obras públicas municipais interino, e que este menciona no seu informe de data 18.06.2025, é insuficiente.**

#### **CONCLUSIÓN:**

**1.-** O artigo 31.2.a) do RD 500/1990 de 20 de abril dispón que a verificación da suficiencia do saldo de crédito deberá efectuarse, en todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito. Salvo erro ou omisión involuntaria constátase a existencia de crédito axeitado e suficiente a nivel de bolsa de vinculación para os gastos aos que se refire o presente informe.

**2.- Suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan solventados ou se resolva a discrepancia plantexada. As referidas facturas vulneran o principio de anualidade (art. 176 TRLFL) polo que a súa tramitación, tanto o que respecta ao levantamento do reparo suspensivo como a súa aprobación, corresponderá ao Pleno da corporación, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso (art. 217 do TRLRHL). »**

Visto que consta a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2025, para a aprobación das facturas correspondentes ás referidas certificacións de obra, unha vez aprobado o expediente de modificación de crédito, incorporación de crédito núm. 4/2025, por resolución de alcaldía núm. 1160/2025, de data 27.11.2025.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vivente no momento do seu recoñecemento, ás obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse realizado a obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicárianse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o



importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto que é necesaria a aprobación das facturas e certificacións da obra, no prazo máis breve posible, por mor da finalización do derradeiro prazo de prorroga de xustificación da execución da obra "Reordenación da Rúa María Mariño", incluída no POS + 2021, o día 30 de novembro de 2025, considerase necesario e urxente elevar a presente proposta ao Pleno da corporación para a súa aprobación.

Tendo en conta o cal, é polo que **se propón**:

**Primeiro:** Levantar o reparo suspensivo emitido pola interventora municipal con referencia REPARO SUSPENSIVO - 2020/A008/000041- 2021/C003/000005 - 2023/G003/002037- 2024/T003/001889 - 2024/T003/001890 - 2025/G003/000401 - 2025/G006/000231, de data 27.11.2025 (CVD: TVnMIKMO5hzCpAZTJ5BT).

**Segundo:** Aprobar as seguintes certificacións de obra:

EXPTA DE CONTRATACIÓN	NIF/CIF	CONTRATISTA	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2021/C003/000005	B15360902	CANARGA, S.L.	CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO POS +2021	36.096,91
2021/C003/000005	B15360902	CANARGA, S.L.	CERTIFICACIÓN NÚM. 5 FINAL DA OBRA REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO POS + 2021	20.111,52

**Terceiro:** Aprobar as facturas que se relacionan a continuación:

NÚM DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA	NÚM. DOCUMENTO	DATA DTO.	IMPORTE	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
F/2024/1867	24/05/2024	24 000195	29/05/2024	36.096,91	B15360902	CANARGA S.L.	151 61900
F/2024/1868	24/05/2024	24 000196	29/05/2024	20.111,52	B15360902	CANARGA S.L.	151 61900
			<b>TOTAL</b>	<b>56.208,43</b>			

**Cuarto:** Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, e aprobar a ordenación do pagamento e a súa realización.»

A Presidencia concede o uso da palabra á interventora accidental, Sra. García Santiago, quen di que, brevemente, que tomou posesión onte, ou sexa que llelo vai intentar explicar da mellor maneira; que simplemente estas certificacións de obra son de maio de 2024, que se fixo unha omisión da fiscalización, porque non se fiscalizou a tempo, deixando ver que había certo tipo de requisitos que tiñan que emendar, como, por exemplo, que non se fixo ben a comprobación material desa obra, entre outras cousas porque non se achegaron unhas fotografías que require o prego de cláusulas administrativas particulares, e por outra parte tamén, porque non acudiu o interventor, ou a persoa que se lle delegaba esta competencia ao levantamento da acta.

Di que posteriormente viuse en Intervención que non se emendaron eses requisitos, que son un principio indispensable para proceder á fiscalización correcta, polo que leva reparos suspensivos por esa razón.

A continuación a Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral, Sra. Pastor Novo, quen di que, coas limitacións de tempo das que dispuxo para examinar o asunto, que foron moi breves, comparte o criterio desfavorable da interventora municipal e ratifícase e remítese aos informes que obran no expediente, no seu momento emitidos sobre o particular.



Aberta a quenda de intervencións, interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a Sra. interventora interina, Sra. García Santiago, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Diego Alcantarilla.

(Cando son as once horas e vinte e nove minutos a Presidencia concede un receso para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación) (**Acceso á videoacta 00:25:46 horas**).

Cando son as once horas e trinta e oito minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 00:25:51 horas**).

Interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a Sra. interventora interina, Sra. García Santiago, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, e o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción da moción do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 27 de novembro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### **3. PARTE DECLARATIVA**

#### **3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**Acceso á videoacta – 00:48:27 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

#### **3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS**

**Acceso á videoacta – 00:48:30 horas**

**A)** A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900007399 o día 21 de novembro de 2025, que transcrita di:

**“MOCIÓN PARA SOLICITAR MELLORAS NOS CENTROS DE SAÚDE DE CAMBRE**

##### **Exposición de motivos**

Os Centros de Saúde de Cambre e O Temple constitúen o principal acceso ao sistema sanitario para milleiros de veciñas e veciños. O seu correcto funcionamento é esencial para garantir unha atención primaria de calidade e evitar a sobrecarga doutros servizos hospitalarios.



Porén, a situación actual está a xerar profunda preocupación social, como amosan as reiteradas queixas veciñais, tanto en redes sociais como trasladadas directamente a este grupo municipal. A veciñanza denuncia de maneira constante:

- Demoras excesivas nas citas de medicina de familia e, sobre todo, de pediatría.
- Falta de cobertura asistencial en horario de tarde, con nais e pais que non atopan praza para as súas crianzas.
- Dificultades de comunicación coa cidadanía, con liñas de cita saturadas, información pouco clara e ausencia dunha estratexia de comunicación accesible para toda a poboación, incluíndo aquelas persoas que non empregan internet nin redes sociais.

Cómpre deixar claro que:

- As competencias sobre persoal médico, pediatría, enfermaría, organización interna e cobertura de prazas corresponden ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS), dependente da Xunta de Galicia.
- O Concello de Cambre é responsable de exercer a súa función de interlocución coa veciñanza e co SERGAS, de facilitar a accesibilidade ao centro (contorno, iluminación, mobilidade) e de garantir que as demandas locais chegan a quen ten a competencia.

É evidente que a situación actual require unha actuación inmediata e coordinada. Non se pode seguir ignorando ás veciñas e veciños que, de maneira reiterada, denuncian que o seu centro de saúde non funciona como debería, nin en accesibilidade, nin en atención médica. Estamos diante dun problema de saúde pública e de dereito á atención sanitaria en condicións de igualdade.

Segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal propónse ao pleno a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

O Pleno do Concello de Cambre acorda:

1. Instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS (Área Sanitaria da Coruña e Cee) a:

Garantir a cobertura inmediata das prazas de pediatría e medicina de familia, con plan escrito de substitucións en baixas e vacacións, facendo pública a súa previsión de persoal.

Reforzar o servizo de fisioterapia no centro de saúde do Temple porque atópase saturado e é imposible de acceder á cita nun prazo razoable

Reforzar o servizo de pediatría no centro de saúde do Temple

Mellorar os sistemas de cita (telefónica e en liña) e habilitar unha canle específica de reclamacións para Cambre, co compromiso de responder nun prazo máximo de 10 días.

2. Dar traslado desta moción á Consellería de Sanidade, á Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao Parlamento de Galicia, así como ás entidades veciñais e ANPAS do termo municipal de Cambre."

Interven o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción presentada por UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **Acceso á videoacta – 01:14:45 horas**

**B)** A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 202599900007427 o día 24 de novembro de 2025, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno, e que transcrita di:

#### **«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

##### **Exposición de motivos**

O 25 de novembro é un día que nos atravesa como sociedade, coa conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero. Unha data de memoria, de denuncia e de compromiso. Unha xornada para lembrar a todas as mulleres asasinadas a mans da violencia machista, para acompañar ás sobreviventes e ás súas familias. E un día de determinación colectiva para renovar o compromiso do noso país cunha vida libre de violencia para todas as mulleres e nenas.

A Violencia de Xénero é a expresión máis extrema dunha desigualdade histórica. É unha violación de dereitos humanos, un ataque directo aos valores democráticos e á dignidade das mulleres, polo mero feito de serlo. Trátase dunha violencia estrutural dirixida cara ás mulleres polo mero feito de serlo. Non é un fenómeno illado. É un problema de Estado e combatelo non é só unha responsabilidade política, senón un imperativo ético.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero supuxo, desde a súa aprobación en 2017, un avance histórico no compromiso das administracións públicas coa erradicación desta lacra social, coa mellora da protección das vítimas e coa coordinación institucional na loita contra todas as formas de violencia machista.

Este ano conmemoramos un gran fito, a **renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero**, aprobado o pasado mes de febreiro no Congreso dos/das Deputados/as co respaldo maioritario dos grupos parlamentarios. Este novo acordo amplía o número de medidas de 290 a 461, incorporando novas formas de violencia como a **violencia económica**, a **violencia dixital** ou a **violencia vicaria**, reforzando a protección das vítimas e das e dos menores, e actualizando os dez eixes orixinais con tres novos ámbitos de actuación.

O texto renovado tamén pon unha especial atención nas mulleres do medio rural, nas mulleres maiores, nas mulleres migrantes e nas persoas con discapacidade, incorporando tamén as perspectivas de infancia e xuventude como elementos esenciais na prevención e na resposta integral á violencia de xénero.

Outro dos avances máis relevantes é o incremento orzamentario, cun 50% máis de dotación económica, o que se traduce **nun compromiso de 1.500 millóns de euros para os próximos cinco anos**, co obxectivo de garantir a aplicación efectiva das medidas e a súa coordinación territorial.



Cando aínda non fomos quen de poñer fin ás diferentes formas de violencia machista existentes, aparecen novas ameazas como a violencia dixital. Este mes de novembro vén de publicarse a investigación de maior alcance a nivel mundial sobre o impacto da tecnoloxía na infancia e a adolescencia, o **informe Infancia, Adolescencia e Benestar Dixital**, elaborado por UNICEF xunto ao Ministerio para a Transformación Dixital, Red.es, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello de Colexios de Enxeñería Informática.

Este estudo ofrécenos información alarmante, como que un de cada tres menores accede á pornografía de forma involuntaria e a idades moi temperás ou que o 11,4% dos menores sufriu presións para enviar fotos íntimas, as rapazas reportan estas situacións con maior frecuencia. Ademais, **un de cada de tres adolescentes que ten ou tivo parella reportou sufrir algún tipo de violencia dixital**, que vai desde o control de amizades nas redes sociais, ata a difusión de información privada e a ameaza de agresión física. O fenómeno OnlyFans tampouco lles resulta alleo. O 75% dos/das adolescentes dixo coñecer a plataforma, o 8,6% contestou ter a alguén na súa contorna que gañou diñeiro alí e o 2,1% recoñeceu ter unha conta propia.

En Galicia o último informe do Consello de Contas advirte que a política do **Goberno galego** en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un **declive nas políticas de prevención**.

O Director Xeral de loita contra a violencia de xénero manifestou que: “Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa, causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero”.

Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que **a prevención, a sensibilización e a educación en igualdade son actuacións clave na loita contra o machismo**, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

A violencia de xénero segue sendo unha realidade inaceptable que require do compromiso constante e activo de todas as administracións públicas. Galicia, como comunidade autónoma, debe seguir reforzando os seus mecanismos de prevención, atención e reparación, e asumir con determinación as novas liñas marcadas polo renovado Pacto de Estado.

Como cada 25 de novembro, desde o Concello de Cambre sumámonos á chamada global impulsada por Nacións Unidas e reafirmamos o noso compromiso coa prevención, atención e reparación da violencia machista. Non daremos nin un paso atrás nesta loita. Porque é posible —e é a nosa responsabilidade— acabar coa violencia contra as mulleres. Os concellos temos a responsabilidade e a obrigaición de velar pola seguridade e os dereitos dos seus cidadáns e cidadás, garantir contornas libres de violencia, así como protexer ás vítimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Cambre presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. Reforzar o compromiso institucional e político do Concello de Cambre coa loita contra a violencia de xénero, adheríndose de forma expresa aos principios e obxectivos recollidos no novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado polo Congreso. Comprometéndonos a implementar, dentro das nosas competencias, todas as accións contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, aprobado este ano 2025.
  2. Poñer en marcha programas de sensibilización e educación en igualdade dirixidos á infancia, adolescencia e á mocidade, incidindo especialmente na violencia dixital, co obxectivo de previr e erradicar as condutas machistas e promover unha sociedade libre de violencia machista.
  3. Ofrecer formación á Policía Local sobre intervención con vítimas de violencia machista (violencia parella, exparella, violencia sexual, vítimas de prostitución e trata, violencia económica, violencia vicaria e violencia dixital).
  4. Reforzar a nosa colaboración co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
- Instar á Xunta de Galicia a:



1. Reforzar o compromiso institucional e político de Galicia coa loita contra a violencia de xénero, adheríndose de forma expresa aos principios e obxectivos recollidos no novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado polo Congreso dos/das Deputados/as.
2. Actualizar e mellorar as políticas autonómicas de igualdade e de loita contra a violencia machista, incorporando de maneira efectiva as novas liñas de actuación do Pacto, nomeadamente nas áreas de violencia vicaria, económica e dixital, a través de programas específicos de sensibilización, información, asistencia e formación aos/ás profesionais.
3. Desenvolver programas de protección e asistencia específicos para aquelas mulleres que sofren unha dobre discriminación: mulleres do rural, ás mulleres maiores, ás mulleres migrantes e ás persoas con discapacidade ou menores expostos á violencia.
4. Incrementar os recursos económicos e humanos destinados ás políticas de prevención e atención da violencia de xénero en Galicia, garantindo que o incremento do 50% na dotación do novo Pacto de Estado se traduza nun reforzo real dos servizos autonómicos e locais.
5. Poñer en marcha programas de sensibilización e educación en igualdade dirixidos á infancia e á mocidade, incidindo especialmente na violencia dixital, co obxectivo de prever e erradicar as condutas machistas e promover unha sociedade libre de violencia machista.
6. Realizar un estudo sobre o impacto que ten o acceso a contidos dixitais nocivos no desenvolvemento persoal, sexual e afectivo da poboación nova e en persoas menores de idade en Galicia.
7. Realizar un estudo sobre o impacto que teno consumo de pornografía no desenvolvemento persoal, sexual e afectivo de menores en Galicia.
8. Impartir formación específica en violencia dixital contra as mulleres para todo persoal da Xunta de Galicia que poida atender ou intervir con potenciais vítimas (sanitario, educativo...).
9. Mellorar a coordinación entre administracións públicas, forzas de seguridade, servizos sociais, educativos e sanitarios, co fin de garantir unha resposta integral, eficaz e centrada nas vítimas.»

Interven en a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

*(Cando son as doce horas e corenta e seis minutos, durante a primeira intervención da Sra. alcaldesa, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, que se reincorpora ás doce horas e corenta e sete minutos)*

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

### **4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO**

**Acceso á videoacta – 01:40:16 horas**



Non se deu conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

## 4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

### Acceso á videoacta – 01:40:19 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 124 resolucións numeradas da 1019 á 1142 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1019/2025	27-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de outubro de 2025
1020/2025	29-10-2025	Considerar desistida a MJME da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data /08/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1021/2025	29-10-2025	Rectificar o erro detectado no punto segundo da parte dispositiva da resolución da Alcaldía número 1000/2025, de data 24.10.2025, pola que se aproban as despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xuño de 2025 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas
1022/2025	31-10-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 600 euros.
1023/2025	31-10-2025	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 1200 euros.
1024/2025	31-10-2025	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcaldesa, don Rubén Vázquez Pérez, que as exercerá dende o día 3 ao 11 de novembro de 2025, ambos incluídos.
1025/2025	31-10-2025	Considerar desistida a MTMC, da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada en representación de ESI con data 30/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1026/2025	31-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, na rúa A Patíña, a LCM.
1027/2025	31-10-2025	Considerar desistido a ASS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 17/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1028/2025	31-10-2025	Conceder a REOS a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
1029/2025	31-10-2025	Declarar a caducidade da inscrición no Padrón Municipal de Habitantes e, en consecuencia, a baixa neste das persoas que se relacionan dado que non presentaron a correspondente solicitude de renovación da inscrición

		padroal tal e como establece o artigo 16 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
1030/2025	31-10-2025	Considerar desistido a JMPA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 12/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1031/2025	31-10-2025	Aceptar a desistencia da solicitude de alta no servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre presentada por MRM. Proceder ao arquivo do procedemento e á súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal pola modalidade de Libre Concorrenca.
1032/2025	31-10-2025	Incoar expediente, con núm. 2025/H003/000185, para dar de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre as persoas que se relacionan, por non residir no domicilio no que figuran empadroadas; isto de acordo co establecido no artigo 72 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
1033/2025	31-10-2025	Proceder á inscrición do can identificado como CONNOR de raza Rotweiler, sexo macho, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
1034/2025	31-10-2025	Asignar o número 7- A á vivenda unifamiliar situada no lugar de Drozo, Anceis, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1035/2025	31-10-2025	Asignar o número 15-A á vivenda unifamiliar situada no lugar de Lema, Brexo, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1036/2025	31-10-2025	Denegar aos seguintes usuarios as solicitudes de bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais.
1037/2025	31-10-2025	Conceder a JCDF a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais.
1038/2025	31-10-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 4 de novembro de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1039/2025	31-10-2025	Aprobar a nómina correspondente ao mes de outubro, por importe total de 242.568,29 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de outubro de 2025, por importe de 944,68 euros.

1040/2025	31-10-2025	Acceder ao solicitado e remitirle a dona María Dolores Pan Lesta a acta da mesa de valoración das subvencións de concorrencia competitiva a entidades da anualidade 2022 que se celebrou o 9 de maio de 2024
1041/2025	04-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1042/2025	04-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1043/2025	05-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de 91.540,30 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 91.540,30 euros no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL".
1044/2025	05-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1045/2025	05-11-2025	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao terceiro trimestre de 2025, no que constan 12.826 recibos por un importe de SETECENTOS TRINTA E NOVE MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS E CORENTA E SEIS EUROS (739.590,46 euros). Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
1046/2025	05-11-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado polo interventor accidental no seu informe de 24 outubro de 2025, a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base no informe enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, de data 4 de novembro de 2025. Dispoñer que continúe o procedemento para adxudicación do expediente de contratación da subministración por lotes de material de construción para a brigada de obras municipal do Concello de Cambre"(TEDEC 2025/C005/000002).
1047/2025	05-11-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 16 cotas cero dun total de 115 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de dez mil oitocentos noventa e catro euros con cincuenta e tres céntimos (10.894,53 euros). Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e da sede electrónica do Concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
1048/2025	06-11-2025	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o venres día 7 de novembro de 2025, ás 13.30 horas
1049/2025	06-11-2025	Rectificar os erros detectados no punto primeiro da parte resolutiva e na parte dispositiva da resolución desta Alcaldía número 1043/2025, de data

		<p>05.11.2025, no seguinte senso: Onde di: "Primeiro: Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de 91.540,30 euros. " Debe dicir: "Primeiro: Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xuño de 2025 por importe de 91.540,30 euros. " Onde di: "...na que se fai constar que vistas as retencións practicadas polos departamentos de Persoal e Tesourería deste concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025..." Debe dicir: "...na que se fai constar que vistas as retencións practicadas polos departamentos de Persoal e Tesourería deste concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de xuño de 2025..."</p>
1050/2025	06-11-2025	<p>Aprobar as despesas que se relacionan no seguinte cadro correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xullo de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 52.521,96 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xullo de 2025 por importe de 17.690,77 euros no concepto non orzamentario "20030 Cota traballador á Seguridade Social". Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes das recargas correspondentes aos seguros sociais do mes de xullo de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 4.146,31 euros na aplicacións orzamentaria 920 16000.</p>
1051/2025	06-11-2025	<p>Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas que se relacionan nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de setembro de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.</p>
1052/2025	06-11-2025	<p>Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas que se relacionan nas datas que constan; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.</p>
1053/2025	06-11-2025	<p>Autorizar, con efectos de data 1 de novembro de 2025, a apertura da urna perimetral sinalada co número 136, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada por MFMC en data 1 de novembro de 2025, ao obxecto de inhumar os restos mortais de RJMC falecido o día 30 de outubro de 2025.</p>

1054/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JBM que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1055/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JFSG que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1056/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a LDPM que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1057/2025	07-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a ESI que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1058/2025	07-11-2025	Conceder a ADCM a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
1059/2025	10-11-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 11 de novembro de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1060/2025	10-11-2025	*Erro. Non contén decreto.
1061/2025	10-11-2025	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 101 recibos e 16 cotas cero dun total de 116 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada un, por un importe total de <i>once mil cincocentos sesenta euros con setenta e cinco céntimos</i> (11.560.75 euros). Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e da sede electrónica do Concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o 12/12/2025 ao 12/02/2026, ambos os dous incluídos.
1062/2025	10-11-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de xaneiro 2025 que comprende 264 recibos, dos cales 143 son cotas cero, por un importe total de mil trescentos oito euros con oitenta e cinco céntimos (1.308,85 €). Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 12/12/2025 ao 12/12/2026, ambos os dous incluídos.
1063/2025	10-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xullo de 2025 por importe de 48.323,52 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 48.323,52 euros no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL".

1064/2025	10-11-2025	Aprobar as despesas que se relacionan correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xullo de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 683,16 euros:
1065/2025	10-11-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Xogando no Nadal 2024" (1ª quenda: do 23 ao 27 de decembro de 2024, ambos incluídos), que comprende 19 recibos dun total de 19 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar, en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de <i>douscentos setenta e dous euros</i> (272,00 €). Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no <i>Boletín Oficial da Provincia</i> , e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do Concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 05/12/2025 ao 05/02/2026, ambos os dous incluídos
1066/2025	10-11-2025	Iniciar expediente de orde de execución a IBS para a roza da vexetación existente nas fincas sitas na rúa Wenceslao Fernández Flórez, que ademais está a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co Art. 84 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común. Todo o anterior sen prexuízo de que se poida incoar un expediente sancionador por infracción ao disposto na Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público.
1067/2025	10-11-2025	Aprobar, con efectos do 1 de febreiro de 2025, a relación de 13 altas e 5 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 mes de febreiro segundo a táboa que se achega.
1068/2025	10-11-2025	Conceder a SSL a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
1069/2025	10-11-2025	Cesar con data 10 de novembro de 2025 a JLPC funcionario de carreira do Concello de Cambre por adxudicárselle destino no Concello da Coruña como policía local de acordo coa Resolución de data 3 de novembro de 2025 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública e quedando na situación administrativa de servizos noutras administracións públicas de acordo co artigo 43.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policías locais.
1070/2025	10-11-2025	Cesar con data 10 de novembro de 2025 a ASF funcionaria de carreira do Concello de Cambre por adxudicárselle destino no Concello de Ferrol como policía local de acordo coa Resolución de data 2 de outubro de 2024 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública e quedando na situación administrativa de servizos noutras administracións públicas de acordo co artigo 43.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de

		policías locais.
1071/2025	10-11-2025	Aceptar a renuncia voluntaria de VESO á súa condición de administrativa neste Concello, con efectos do 10 de novembro de 2025, de conformidade cos artigos 64 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, e 65 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.
1072/2025	10-11-2025	Aprobar, con efectos do 1 de marzo , a relación de 11 altas e 8 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 mes de febreiro segundo a táboa que se achega.
1073/2025	10-11-2025	Resolución desestimatoria das alegacións presentadas en materia de sanción por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
1074/2025	10-11-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 600 euros.
1075/2025	10-11-2025	Asignar o número 6-A á vivenda unifamiliar situada no lugar da Pagueira, Brexo, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1076/2025	10-11-2025	Asignar o número 26-A á vivenda unifamiliar situada no lugar de Seoane, Anceis, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1077/2025	10-11-2025	Asignar o número 5-D á vivenda unifamiliar situada no lugar da Riveiriña, Ribres, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1078/2025	10-11-2025	Asignar o número 10-A á vivenda unifamiliar situada no lugar do Souto, Sigrás, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios.
1079/2025	10-11-2025	Incoar expediente, con núm. 2025/H003/000193, para dar de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre as persoas que se relacionan, por non residir no domicilio no que figuran empadroadas; isto de acordo co establecido no artigo 72 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
1080/2025	10-11-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención LMR - providencia - facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/001622 de data 22 de maio de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo axente de protección civil e coordinador do servizo de

		<p>emergencia e protección civil en funcións, de data 03.10.2025 e polo coordinador de actividades educativas e culturais de data 06.11.2025.</p> <p>Aprobar facturas por importe total de 4.686,04 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.</p>
1081/2025	10-11-2025	<p>Considerar desistido a RBS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 24/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.</p>
1082/2025	10-11-2025	<p>Denegar a RCV a prestación do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia solicitado con data 29/07/2020 por resultar incompatible coa prestación económica por coidados no contorno familiar que ten concedida dentro do programa individual de atención do SAAD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia).</p> <p>Proceder ao arquivo do procedemento e á súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar pola modalidade de Libre Concorrencia.</p>
1083/2025	10-11-2025	<p>Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao Programa PEL-Concellos 2026 de Axudas á Contratación de persoas para a execución de obras e servizos municipais, de conformidade co punto 3º das bases da convocatoria publicadas no BOP núm.197 do 15 de outubro de 2025.</p> <p>Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención por importe de 49.361,30 euros para contratar a tres persoas para desenvolver servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985. En concreto: 1 oficial de albanel e 2 peóns por un período de 7,5 meses.</p>
1084/2025	10-11-2025	<p>Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2025, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 99 recibos e 17 cotas cero dun total de 115 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>doce mil cento cincuenta e un euros e trinta e cinco céntimos</i>(12.151,35 euros).</p> <p>Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e da sede electrónica do Concello.</p> <p>Establecer o período de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o 26/12/2025 ao 26/02/2026, ambos os dous incluídos.</p>
1085/2025	10-11-2025	<p>Denegar a SRR, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 29/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).</p>
1086/2025	10-11-2025	<p>Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a dona ELM que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.</p>
1087/2025	11-11-2025	<p>Advertido un erro na resolución núm. 1069/2025 da Alcaldía, do día 10 de novembro de 2025, pola que se acorda o cese de JLPC funcionario de carreira do Concello de Cambre por adxudicárselle destino no Concello da Coruña como policía local, procédese a súa emenda nos apartados primeiro e segundo dos antecedentes de feito e no apartado primeiro da resolución e onde di "José ..." debe dicir "Juan..."</p>
1088/2025	11-11-2025	<p>Considerar desistida a GYQN, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no</p>

		artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 30/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1089/2025	11-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 30/10/2025, a MMLS, xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
1090/2025	10-11-2025	Conceder a LFVS a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
1091/2025	10-11-2025	Denegar a LEM a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida solicitada o 20/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
1092/2025	10-11-2025	Denegar a JCGA a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 28/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
1093/2025	10-11-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a LMGC que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1094/2025	10-11-2025	Considerar desistida a TTP, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 04/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1095/2025	11-11-2025	Que a traballadora SMH, asuma as funcións de responsable do departamento Axencia de Desenvolvemento Local ao longo do período de ausencia da titular da praza, comprendido entre os días 14 ao 21 de novembro de 2025, ambos incluídos.
1096/2025	12-11-2025	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o xoves día 13 de novembro de 2025, ás 13.30 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1097/2025	12-11-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local para hoxe mércores 12 de novembro de 2025, ás 13.30 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1098/2025	12-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 251/2025 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988. Demandante: Osventos Innovación en Servizos SL, por pago de factura relativa ao servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol

		municipais: "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema (Expediente 2020/C004/000006) – Decembro 2024
1099/2025	12-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 253/2025 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988. Demandante: Osventos Innovación en Servizos SL, por pago de factura relativa ao servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais: "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema (Expediente 2020/C004/000006) – Maio 2025
1100/2025	12-11-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico. Importe total: 800 euros.
1101/2025	12-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 250/2025 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988. Demandante: Osventos Innovación en Servizos SL, por pago de factura relativa ao servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais: "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema (Expediente 2020/C004/000006) – Setembro 2024
1102/2025	13-11-2025	Denegar a GLRM a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal, solicitada o 11/11/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
1103/2025	13-11-2025	Conceder a SAV a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 18/08/2025, destinada ao pagamento dun recibo de alugueiro correspondente ao mes de setembro de 2025 por importe de 295 euros segundo o artigo 7 da ordenanza reguladora.
1104/2025	13-11-2025	Denegar a ADCM, a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecidas no artigo 7 da ordenanza reguladora, en concreto para recibo de auga, solicitada con data 22/10/2025, por superar o límite máximo establecido por unidade familiar no artigo 4 da ordenanza para recibos de auga.
1105/2025	14-11-2025	Aprobar a nómina de atrasos (produtividade do segundo trimestre de 2025) cun importe total retribucións brutas 42.934,65
1106/2025	14-11-2025	Autorizar á entidade "Ancaria SL" concesionaria do Consorcio das Mariñas a ocupar o próximo domingo 16 de novembro de 2025, entre as 11:00h e as 14:00h o espazo situado no Campo da Feira (Cambre) co obxecto de colocar dúas carpas informativas 3x3 tipo <i>jaima</i> para o seu uso como postos informativos de forma gratuíta á cidadanía
1107/2025	14-11-2025	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por CFP para a execución dunha acometida á rede pública de abastecemento de auga na vivenda unifamiliar sita no lugar da Pena da Nosa Señora, parroquia de Cambre, toda vez que segundo o informe emitido con data do 7 de novembro de 2025 por Augaservi, SL, tal acometida non tería continuidade e

		só abastecería á citada vivenda
1108/2025	14-11-2025	Comparecer no procedemento ordinario nº 0000834/2024 presentou demanda de reclamación de cantidade fronte a Jardincelas S.L., Concello de Cambre, ADM Concursal Jardincelas-José Canalejas Cruceiro, perante o Xulgado do Social número 4 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1109/2025	14-11-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 22.05.2025, tendo en conta informe do coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 07.11.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 9.028,96 euros
1110/2025	13-11-2025	Rectificar o punto primeiro da parte dispositiva da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo número 943/2025, do 05 de outubro
1111/2025	17-11-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 18 de novembro de 2025, ás 10.00 horas
1112/2025	17-11-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 20 de novembro de 2025, ás 11:00 horas
1113/2025	17-11-2025	Comparecer no procedemento ordinario 0000238/2025, demanda procedemento ordinario nº 0000238/2025 de Xunta de Compensación N-VI contra o Concello de Cambre, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1114/2025	17-11-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 15/12/2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 18/12/2024 e vista a dilixencia asinada polo interventor accidental en data 13/11/2025 en canto á existencia de crédito. Outorgar á asociación Sementeira Cambre unha subvención por importe de 62.999,41 euros. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2024
1115/2025	18-11-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración de relación de candidatos/as para nomeamentos de técnicos/as de Administración Xeral interinos/as, encadrados/as na escala de Administración Xeral, subescala técnica, pertencentes ao subgrupo "A1. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador. Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro 10 de decembro ás 9:00 horas para a constitución do mesmo e preparación do primeiro exercicio da fase de oposición Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Cambre, e convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio o mesmo día ás 16:30 no mesmo lugar
1116/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 262/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o

		Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1117/2025	18-11-2025	Acceder ao solicitado e remitirle a MDPL a copia da información solicitada o día 12 de novembro de 2025 respecto dos contratos menores
1118/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 252/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1119/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 250/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1120/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 247/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1121/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 243/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1122/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 248/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da

		Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1123/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 249/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1124/2025	18-11-2025	Corrixir os erros materiais na resolución da Alcaldía do 30 de xullo de 2025 pola que se aproba a nómina do mes de xullo de 2025 no que a asistencias a políticos e produtividade se refire
1125/2025	19-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 268/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1126/2025	19-11-2025	Expedientes sancionadores de tráfico.
1127/2025	19-11-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de novembro de 2025.
1128/2025	19-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1129/2025	19-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 12/11/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JEdeFA
1130/2025	19-11-2025	Considerar desistida a AEV da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 23/02/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1131/2025	19-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 267/2025, demanda interposta por la representación procesual de Os Ventos Innovación en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1132/2025	19-11-2025	Delegar no concelleiro don Rubén Vázquez Pérez a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AMLV e PMC.
1133/2025	19-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: HCR.
1134/2025	19-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas

		físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de agosto de 2025 por importe de 48.505,16 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento.
1135/2025	20-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de outubro de 2025 por importe de 47.597,12 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento.
1136/2025	20-11-2025	Solicitar unha subvención á Deputación provincial da Coruña para o evento de arte urbana, na modalidade de pintura mural, Cromático Mural Fest 2026. Aprobar a memoria explicativa sobre o festival Cromático Mural Fest 2026. Solicitar unha subvención por importe de 35.000,00 € que é o importe máximo que se pode solicitar.
1137/2025	21-11-2025	Cesar a RBC como persoal eventual no Concello de Cambre no posto que viña ocupando de asesora da Alcaldía (85%), de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.
1138/2025	21-11-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de agosto de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 60.043,45 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de agosto de 2025 por importe de 18.586,86 euros no concepto non orzamentario "20030 Cota traballador á Seguridade Social". Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes das recargas correspondentes aos seguros sociais do mes de agosto de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 15.726,07 euros na aplicacións orzamentaria 920 16000.
1139/2025	21-11-2025	Designar a IBM, tesoureira municipal, para actuar como usuaria administradora ante a "Caja General de Depósitos".
1140/2025	21-11-2025	Aprobar, con efectos do 1 de abril de 2025, a relación de 4 altas e 10 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 mes de abril.
1141/2025	21-11-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 25 de novembro de 2025, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello.
1142/2025	21-11-2025	Aprobar o abono da nómina correspondente á mensuralidade de agosto de 2025 de dona MCPS

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2025</b>
- Proposta relativa á adxudicación da obra denominada "PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRUAS EN RUA RÍO GÁNDARA DE A BARCALA" a entidade mercantil "LÓPEZ Y LEIS, S.A", no prezo ofertado de 28.556,00 (IVE incluído). Expediente número 2023/C003/000012.
<b>Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de novembro de 2025</b>



- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor para a "Subministración, montaxe con ancoraxe á superficie e desmontaxe dunha carpa a dúas augas de 15x20 metros no patio exterior do CEIP Graxal" , a entidade mercantil "Carpas CK, S.L.", por importe máximo de 7.955,75 euros (IVE incluído). Expediente núm. 2025/C002/000033.

- Proposta relativa á adxudicación dos lotes 2 e 6 do expediente de contratación da "Subministración por lotes de material de construción para a brigada de obras municipal do Concello de Cambre" e declaración de deserto dos lotes 1, 3, 4 e 5. Expediente núm. 2025/C005/000002.

Lote 2. - "Subministración de aglomerado asfáltico en frío subministrado a granel en sacas tipo big-bag de 1 tn.", á entidade mercantil "Canarga, S.L."

Lote 6.- "Subministración de tapas, marcos, canaletas prefabricadas con reixa e tubos de PVC SN4 / SN8" á entidade mercantil "Suministro Integral del Agua, S.L."

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de novembro de 2025

- Proposta relativa á devolución da garantía constituída no expediente núm. 2020/C005/000001 para a "Subministración de trofeos para eventos/competicións organizadas e/ou patrocinadas polo Concello de Cambre", constituída pola entidade "Eurocebrian, S.L.", por importe de 434,04 euros. Expediente número 2020/C005/000001.

- Proposta relativa á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo formalizado en data 9 de outubro de 2025 con "Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L." para a execución da obra de "Mellora da pista deportiva municipal de O Temple, Cambre". Expediente número 2023/C003/000008.

#### Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 12 de novembro de 2025

- Proposta relativa á adxudicación á entidade mercantil "Endesa Energía, S.A." do contrato de "Subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), con base no acordo marco formalizado o 16 de outubro de 2024". Expediente número 2024/C005/000012.

#### Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de novembro de 2025

Proposta relativa á adxudicación do contrato menor da obra "Pavillón municipal do Graxal (O Temple- Cambre) reparación urxente de desprendementos (zona baixo lucernarios)" á entidade mercantil "Pinturas Asgón, S.L" no prezo de 27.826,93.- euros (IVE incluído). Expediente núm. 2025/C002/000032.

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de novembro de 2025

- Proposta relativa ao aprazamento por prazo de 15 días naturais da obra de "Mantemento dos camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros", fixando a nova data de finalización o 9 de decembro de 2025, mantendo inalteradas as restantes condicións do contrato, sen incremento do prezo nin modificación do obxecto do contrato. Expediente núm. 2022/C003/000021.

#### Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de novembro de 2025

- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación do "Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2026", por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado abreviado (con criterio de adxudicación de apreciación automática). Expediente núm. 2025/C004/000013.

- Proposta relativa á aprobación provisional do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis.



### 4.3. ROGOS

#### **Acceso á videoacta – 01:40:32 horas**

#### **ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007410 o día 23 de novembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

#### **1º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:46 horas**

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Visto o estado no que se atopan as vías municipais con múltiples fochancas que non foron obxecto de traballo ningún dende abril deste ano e que están a provocar problemas de inseguridade viaria, debido en que nalgúns tramos os condutores vense obrigados a invadir o carril contrario, algo moi grave, sobre todo tendo en conta que moitos desas vías son moi estreitas.

Visto que o orzamento 2025 presentado a pleno polo Goberno de Unión por Cambre en abril de 2025 non foi aprobado en sesión plenaria onde se recollían obras de mellora en varios camiños municipais, que se sumarían ás que se están executando agora tras adxudicarse o expediente de arranxo de camiños do Plan de obras e servizos que deixou en licitación o Goberno de UxC en abril.

Visto que a brigada de obras reforzou o número de efectivos grazas ao Plan de emprego local da Deputación e Aprox Rural, subvencións xestionadas dende o Goberno de Unión por Cambre, aínda que o PEL está a punto de rematar.

Visto canto antecede, e tendo en conta que o concelleiro de Economía e Facenda sinalou nas comisións informativas do pasado xoves, que o material contratado servía para facer estes recheos.

Tendo en conta o traballo de campo feito por Unión por Cambre, recollendo e inventariando as fochancas que hai nos diferentes camiños de titularidade municipal que se achega en documento anexo

Rogamos:

1. Recoller o inventario de fochancas feito por Unión por Cambre e proceder ao seu recheo inmediato.”

*(Cando son as doce horas e cincuenta e tres minutos auséntase da sesión a interventora interina, Sra. García Santiago).*

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta – 01:42:57 horas**

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Tendo en conta que o concelleiro de Deportes e Xuventude no mes de xullo admitiu en prensa que agardaba algunha multa de Inspección de Traballo por incidencias no seu local de hostalaría e visto que, ante todo, un cargo público do Concello de Cambre, rogamos aclare todo este procedemento co fin de dar



luz sobre este asunto.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interven a Sra. Pan Lesta, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. secretaria xeral.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 01:47:26 horas**

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Visto que finalmente o Goberno non cumpriu co acordo plenario de outubro no que se aprobaba traer a pleno un suplemento de crédito e unha modificación das bases do orzamento para avanzar nunha solución para o pago das subvencións e nas pasadas comisións se nos informou que se estaba á espera de que Intervención valore se é factible ou non solucionar o problema mediante transferencias de crédito, ROGAMOS se dean explicacións públicas de por que despois dun mes da aprobación do acordo plenario aínda non están os informes pertinentes e por que este Goberno decide ignorar os acordos plenarios tomados pola maioría desta Corporación municipal.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén o Sr. Alcantarilla Rei.

*(Cando son as trece horas e oito minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Prieto Miramontes)*

Intervén o Sr. Carballada Rodríguez.

*(Cando son as trece horas e dez minutos reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Prieto Miramontes)*

Intervén o Sr. Vázquez Pérez.

*(Cando son as trece horas e doce minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Louro López)*

Intervén a Sra. Pan Lesta.

*(Cando son as trece horas e quince minutos reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Louro López)*

### **ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007427 o día 24 de novembro de 2025, xunto coas preguntas e unha moción presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:05:20 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“O campo de fútbol municipal de Lendoiro-A Barcala ten varios focos fundidos, rogamos que se repoñan.”

O Sr. Lamela Vázquez contesta o rogo.

*(Cando son as trece horas e dezasete minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Varela Germade)*

Intervén a Sra. Pan Lesta.



## **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:05:59 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Á vista de que o Club Ciclista de Cambre manifestou en prensa a necesidade de percibir os pagos pendentes antes de que finalice o ano, e tendo en conta que a alcaldesa indicou nas comisións informativas da semana pasada que o prazo máximo para o seu aboamento sería o 20 de decembro, rogamos ao Goberno local que adopte de inmediato todas as medidas necesarias para garantir que o Club Ciclista de Cambre reciba os ditos pagos dentro do prazo comprometido. De non facerse efectivo este aboamento en tempo e forma, o club verase seriamente comprometido e podería verse obrigado a interromper a súa actividade.”

*(Cando son as trece horas e dezoito minutos auséntase do salón de sesións o Sr. Lamela Vázquez)*

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

## **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:07:35 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Tras as múltiples peticións trasladadas polos veciños en relación coa situación do complexo deportivo da Barcala, rogamos ao Goberno local que adopte de forma urxente as medidas necesarias para a apertura da ampliación do complexo á maior brevidade posible.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

*(Cando son as trece horas e vinte minutos reincorpóranse ao salón de sesións a Sra. Varela Germade e o Sr. Lamela Vázquez)*

Intervén a Sra. Pan Lesta.

## **ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900007425 o día 24 de novembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

## **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:11:41 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Unha das ferramentas máis importantes para un concello como é o Plan xeral de urbanismo, está neste concello nunha insólita situación. Tanto é así, que descoñecemos se a día de hoxe está sen efecto por incumprimento de prazos, amén de outras anomalías. Non temos coñecemento se se elaborou informe ao respecto, para poder declarar a súa caducidade, ou seguir por outro camiño.

Entendemos que a falta de persoal incapacita levar a cabo o normal funcionamento dunha administración local como a nosa, pero tamén é de recibo que a cidadanía saiba exactamente en que punto está ao respecto dos seus intereses urbanísticos que levan consigo inevitablemente os económicos, ademais dos



emocionais.

Diante da situación descrita, e que sabemos que preocupa a unha alta porcentaxe de poboación, así como a este grupo municipal do BNG, SOLICITAMOS:

Que se convoque a Comisión Especial de Urbanismo, acompañándose dos informes oportunos, para que saibamos con detalle a decisión a tomar pola Corporación en interese dos veciños aos que nos debemos.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:13:43 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A estrada AC-214 de titularidade da Xunta ao seu paso polo noso territorio de Cambre, soporta un tráfico intensísimo, cando a estrada ten o mesmo deseño que hai un século. Iso comporta que estea chea de fochancas, sen que se teña un mantemento acorde coas necesidades de seguridade na condución. Supoñemos que o actual Goberno municipal, das mesmas siglas que o autonómico (Partido Popular), terá feitas as oportunas reclamacións (se fose así, solicitamos copia do remitido á Consellería correspondente) de cara a darlle pronta solución ao problema, que para o BNG é de moita importancia polo estrés que supón tanto para veciños/as como os que transitan polo noso concello.

De non ser así, SOLICITAMOS:

Que se lle requira á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, que atenda tal e como é a súa competencia, do debido mantemento da estrada AC-214 no percorrido polo Concello de Cambre, nomeadamente dende A Rocha ata a glorieta antes do Polígono do Espírito Santo.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:15:42 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Diante do aparecido en prensa sobre a alternativa ao paso de vehículos pesados polo centro da parroquia de Cambre, e dato que se ía proceder a un estudo para a súa viabilidade, SOLICITAMOS:

Que se nos dea traslado do documento, para proceder ao seu estudo e valoración.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

### **ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO**

1º e 2º rogos rexistrados de entrada ao núm. 202599900007426 o día 24 de novembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:16:17 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.



“Moitas veces trouxemos a pleno e a comisións a mesma problemática, un problema que non ten fácil solución. É necesario e urxente tomar medidas de calado que reeduchen á veciñanza no uso que fan dos contedores de lixo e os materiais que se poden depositar neles; Como exemplo achegamos varias fotografías recentes de puntos que se están a converter en vertedoiros como en Andeiro, Altamira ou Meixigo, polo que rogamos, unha vez máis, que se instalen carteis e se poñan bandos nas diferentes parroquias do concello, sinalando que estas prácticas pouco cívicas serán atalladas a base de multas, a única solución para a reeducación da veciñanza que xa non se atopan en idade escolar.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interven a Sra. Pan Lesta, o Sr. Castro Uzal, a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Mallo Castro.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:21:26 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“A falta de efectivos da Policía Local, sabido pola gran maioría da veciñanza, fai que nos últimos meses e na contorna de varios locais de restauración se adoite aparcarse en dobre fila, enriba das beirarrúas, obstruíndo prazas para xente con discapacidade, incluso enriba dos pasos de peóns, polo que rogamos que de maneira disuasoria de vez en cando algunha patrulla de policía pase pola zona, imponha algunha sanción, para que a xente saiba que as normas están para cumprir e que se non terán consecuencias.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

#### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:22:14 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío, facendo constar que se corresponde coa proposta de acordo do escrito presentado polo seu grupo como moción para este pleno (escrito rexistrado de entrada ao núm. 202599900007401 o día 21 de novembro de 2025):

“ Programar, de cara ao 2026, a posta en marcha dun servizo de préstamo ou cesión temporal e puntual á veciñanza de instalacións municipais para o desenvolvemento e autoxestión de actividades socioculturais ou de lecer propias.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

### **4.4. PREGUNTAS**

#### **Acceso á videoacta – 02:26:26 horas**

##### **PREGUNTAS DE UxC PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007410 o día 23 de novembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:26:29 horas**

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Cal é a débeda actual coas empresas que traballan para o concello?”



O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

*(Cando son as trece horas e trinta e nove minutos auséntase do salón de sesións o Sr. Barrientos Morales)*

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:16 horas**

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Vaise xustificar en tempo e forma a subvención da Deputación que afecta ao contrato de arranxo de camiños?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

*(Cando son as trece horas e corenta minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Barrientos Morales)*

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:31 horas**

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Canto leva pagado o concello por recargas polos atrasos no pago á Seguridade Social e o IRPF?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007427 o día 24 de novembro de 2025, xunto cos rogos e unha moción presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:43 horas**

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Que actuacións concretas levou a cabo o Goberno municipal dende a aprobación, no último pleno, da moción para solucionar o problema do transporte escolar que leva ao alumnado ao IES Afonso X O Sabio pola Castellana, e en que prazos se prevé implementar a solución definitiva que garanta un servizo seguro e adecuado para o alumnado que colle o bus no número 33 da Castellana?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

*(Cando son as trece horas e corenta e dous minutos auséntase do salón de sesións o Sr. Castro Uzal)*

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:30:39 horas**

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Tal como a alcaldesa sinalou nas comisións informativas da semana pasada, o prazo fixado para realizar os pagos pendentes a Sementaría era o 20 de novembro. Pode aclararse se o dito prazo se cumpriu?”



A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:31 horas**

Lee a pregunta a Sra. Parceró Quiñoy.

“Que previsión hai para o reinicio das obras do parque Ramón Barba?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

*(Cando son as trece horas e corenta e catro minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Castro Uzal)*

**PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007425 o día 24 de novembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:32:54 horas**

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Estes días no instituto de secundaria David Buján de Sigrás, aparece reflectido nas redes sociais un problema de acoso a unha alumna, onde non parece deducirse que o problema estea solucionado a pesares das denuncias. Chama a atención que unha rede de nais e pais estean facendo un labor de acompañamento á rapaza que sofre esa situación. Entendemos que a concelleira responsable da área é coñecedora do problema, e que o BNG preocupa especialmente pola vulnerabilidade do alumnado que sofre esas situacións a desterrar. Que nos pode dicir ao respecto?”

*(Cando son as trece horas e corenta e cinco minutos auséntase do salón de sesións o Sr. Alcantarilla Rei)*

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

*(Cando son as trece horas e corenta e seis minutos auséntase do salón de sesións a Sra. Louro López)*

Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

*(Cando son as trece horas e corenta e seis minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Alcantarilla Rei)*

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:20 horas**

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“A chamada *Graveira de Cecebre* foi obxecto duns recheos que non se subordinaban á autorización requirida. Para o noso grupo municipal do BNG, que leva un seguimento dende hai tantos anos, onde a empresa explotadora campaba ás súas anchas, sen licenza, nin de ocupación nin de explotación ata que esta que lles fala conseguiu fechala diante dun recurso ante a Xunta de Galicia, digo que para este grupo municipal resulta sanguento como agora que os terreos pertencen a outra propiedade, que unha vez máis incumpre co tratamento a darlle a eses terreos.



Nas dependencias desta casa consistorial, obrará no expediente correspondente documentación abundosa do que aquí expoño, e queremos saber en que punto se atopa en canto a ilegalidade, e a reposición co repoboamento de árbores autóctonas. Poden clarexarnos a situación e cales serán as futuras accións cara á reposición da legalidade?”

*(Cando son as trece horas e corenta e sete minutos reincorpórase ao salón de sesións a Sra. Louro López)*

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:37:30 horas**

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Levamos un tempo sen que se poida acceder ás videoactas dos plenos municipais, subtraendo así o dereito da cidadanía á información en tempo e forma. Cal é o motivo?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

### **PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900007426 o día 24 de novembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:38 horas**

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“A comunidade de propietarios da mazá número 3 da Barcala está a denunciar en medios de comunicación que dende o Concello non se está a dar solución aos problemas de impermeabilización que teñen no edificio, nos que unha parte correspondería ao concello acadar a responsabilidade.

Preguntamos se se tomarán as medidas pertinentes para facilitar a este colectivo veciñal a solución do seu problema canto antes.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:40:30 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Seguimos a ver que as familias continúan a insistir coa necesidade de persoal de apoio educativo no CEIP Torrente Ballester. Queremos preguntar cales foron as diferentes medidas que se tomaron para impulsar a solución deste problema.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe  
A presidenta  
(Asinada dixitalmente)  
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral  
(Asinada dixitalmente)  
Pilar María Pastor Novo